


# Luisa Cunha. *Partitura #5*

13.04 — 13.05 / 2022



*This is the time.*

*And this is the record of the time.*

Laurie Anderson<sup>1</sup>

Comeza cun ronquido tenue, case gutural. O son aumenta, vai aumentando. Amplifícase progresivamente, pasa por varios ritmos, por diferentes variacións e duracións. Interrupcións, prolongacións. O rouco mantense, e o tempo parece agora durar moito máis tempo. O son está moi preto: é grave, rouco, profundo, hostil cando acelera. Pero despois transfórmase nun asubío agudo, enfraquecido na súa desaceleración. Están a perforar unha parede do edificio. Están a abrirille un buraco. Estarán a demoler unha parede?

Adxacente á columna de son, cal corpo ríxido e robusto no centro da sala, foi fixado un aviso: a galería entrará en obras a partir desta data. Prométese a maior brevidade posible; agrádécese a comprensión por calquera inconveniente causado, firma Luisa Cunha.

O motor arrinca na súa máxima potencia, unha e outra vez. Entre as pausas deste son rítmico, perturbador na súa intensidade, óuvense voces. Alguén tararea unha canción, outro asubía distraidamente, óvese música na radio. Nas pausas de silencio, moi breves, pasaxeiras, o silencio faise agora un elemento estraño, pois o ruído enche todo o espazo, consómeo. Na tarefa de concentrarnos para desmantelar e comprender a situación á que nos enfrontamos, logo perdémonos. Volvemos tentar enfocar a atención, pero o ruído persiste e, de novo, nos desconcentramos. É o son do rimbombar de máquinas e dos duros traballos manuais. Golpear, bater, martelar, raspar, varrer, esparrar, nivelar, bater, rebotar. Cando este son distorsionado rodéanos, comezamos a percibir o pesar da cabeza e chegamos a pensar que somos incapaces, dentro dos límites das nosas habilidades e esforzos, de sequer pensar. Somos espectadores tácitos desta orquestra cohesionada que proxecta algo que se edifica moi preto de nós. Con todo, o máis curioso e sorprendente é que, deste acontecemento comunicado, só coñecemos o son e, sobre o mesmo, podemos unicamente imaxinar os comportamentos e os xestos, os movementos practicados, pois non asistimos ás devanditas obras en curso. É o son intenso, ritmado, ruído agora incesante, agora intermitente, incómodo, que toma conta do lugar que ocupamos.

Toc toc toc...! Toc... Toc! Toc!

«—Que sucede?», pregunta unha voz lánquida de lonxe, medio cantando e sen compromiso, tras ouvirse o ladrar dun can. É entón cando se escoitan voces agarimosas e risas xenuínas, contrastando co son das obras en proceso. Toc toc toc...! «Alguén está a chamar á porta?» — preguntámonos. Quen é? Quen asubiu? Cal foi a porta que se abriu e pechou? Quen está a rir?... E a parede continúa, lenta e resoantemente, sendo furada...

É entón cando nos damos conta de que non; non sabemos que foi o que nos atrapou. Talvez a nosa experiencia de extrema axitación e inquietude, por influencia dun son tan familiar, débese á condición primaria que nos compón: a de propornos sempre esixir probas concretas e atribuír significados a través dunha procura primordial de atopar orde no caos, estabilidade na inconstancia, certeza na espera, ou de atopar sonoridade no tremendo ruído, de descubrir un lugar no espazo que momentaneamente ocupamos. Recoñecemos, entón, que o son mesmo é, aquí, convertido en materia tanxible, xa que é evocado á presenza nun espazo que, aparentemente, non lle corresponde. O son é obxecto que se fai presente, é textura, é sustancia que vibra, que furga, que nos axita e provoca. É constancia e inestabilidade, continuidade e suspensión, repetición e pausa, ruído e silencio —esta peza sonora revélase como un rexistro da sustancia do tempo que conforma a materia da sonoridade de calquera acción de construción, de composición.

Luisa Cunha móstranos que o son ten ese peso xenuíno, que posúe unha intensidade profunda, reveladora dunha forza que desafia verdadeiramente a nosa percepción. Como nunha sinfonía, a articulación dos instrumentos crea algo atronador baixo diferentes cadencias. O son das máquinas e mecanismos de construción faise sentir, *in crescendo*... É o son ritmado da deconstrución, da destrución, do cambio, da edificación e da creación que teñen aquí e agora lugar.

En efecto, esta é unha *Partitura* que foi anotada e composta sobre un momento pasado que sempre se torna presente, durante a visita dos espectadores. E, coa mestría que lle é coñecida, Luisa Cunha crea e volve crear esta tensión entre o espazo ocupado, a experiencia do visitante que o ocupa e o son que o envolve e mergulla, que o consume e libera, mediante unha enxeñosa proposta en ton de desafío e de ironía. Pero máis que a representación dunha ausencia dada que pode volverse tremendamente presente —a experiencia dun malestar gradual, unha exasperación e un amolo latentes pola influencia do son ocorren precisamente por iso—, a obra de Luisa Cunha tráenos, sobre todo, o recoñecemento de que a arte ten que ver coas emocións suscitadas a través dun inesperado e furtivo encontro con nosas propias limitacións e fronteiras preconcebidas ante situacións que chamamos «inusuais». Noutras palabras, cando a experiencia da evidencia é vencida pola experiencia da ilusión. É, pois, Luisa Cunha quen, cunha comicidade atenta e astuta, asina unha solicitude de desculpas e apela á comprensión dos visitantes polo posible inconveniente causado.

Filipa Correia de Sousa

Fundación DIDAC

Pérez Costantí, 12  
15702 Santiago de Compostela  
info@didac.gal / T. 34 881 018 893  
www.didac.gal



<sup>1</sup>Parte final da letra da composición sonora "From The Air" de Laurie Anderson, presente no álbum *Big Science*, producido por Warner Music, 1982.